



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Macroeconomía	Código	650G01015	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación	Pateiro Rodriguez, Carlos	Correo electrónico	carlos.pateiro@udc.es	
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando	Correo electrónico	f.bruna@udc.es	
	Pateiro Rodriguez, Carlos		carlos.pateiro@udc.es	
	Varela Candamio, Laura		laura.varela.candamio@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Trátase de ter unha visión do funcionamento dos mercados no marco da Teoría Económica. Explicarase a metodoloxía económica, basicamente macroeconómica. A análise se desenvolve utilizando modelos matemáticos sinxelos e con apoio gráfico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe					
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título				
	Entender os conceptos macroeconómicos fundamentais e as relacións entre as variables macroeconómicas.	A12 A21	B2		
Saber interpretar a realidade económica e aplicar a análise ós problemas económicos	A1	B1	C5		
	A3	B3	C6		
	A9		C8		
	A11				
	A13				
	A14				
	A16				
	A17				
	A18				
	A19				
	A22				
A23					
Interpretar os efectos das políticas macroeconómicas sobre os distintos axentes e sectores.		B4 B5 B6 B7			
	Adoptar unha actitude emprendedora e de colaboración.		B9 B10 B14	C4 C7	
		Comprender e interpretar os obxectivos das políticas macroeconómicas monetarias, fiscais e de oferta		B8 B11 B12	C1 C2



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. MACROMAGNITUDES NA CONTABILIDADE NACIONAL	TEMA 1. 1.1.- Macroeconomía e política macroeconómica 1.2.- Producto Nacional Bruto e Producto Nacional Neto 1.3.- Producto Interior Bruto 1.4.- Os problemas de medición da produción nacional 1.5.- Producción nominal e produción real 1.6.- Os índices de prezos 1.7.- Renda Nacional, Renda Persoal, Renda dispoñible 1.8.- O Gasto. Os compoñentes da demanda agregada 1.9. Identidades Macroeconómicas importantes
TEMA 2. A RENDA DE EQUILIBRIO	TEMA 2. 2.1. A produción de equilibrio 2.2. A función de consumo 2.2.1. Factores dos que depende o consumo 2.3. Outras formulacións da función de consumo 2.4. A función de ahorro 2.5. A demanda de inversión 2.6. A determinación da renda de equilibrio nun modelo simple 2.7. A determinación da renda de equilibrio nun modelo con sector público 2.8. A estabilidade da renda de equilibrio
TEMA 3. O ESTUDO DO MULTIPLICADOR	TEMA 3. 3.1. Efectos dun desprazamento da función de aforro 3.1.1. Variación da función de aforro 3.1.2. Variación da inversión 3.2. Introducción ó estudo dos multiplicadores 3.2.1. O multiplicador dinámico 3.2.2. O multiplicador con impostos fixos 3.3. O teorema del presuposto equilibrado 3.4. Deducción dos multiplicadores considerando os impostos en función da renda 3.4.1. Impostos crecentes coa renda 3.4.2. Multiplicador dunha variación da taxa impositiva 3.5. O multiplicador nunha economía aberta.
TEMA 4. A DEMANDA DE INVERSIÓN. A CURVA IS	TEMA 4. 4.1. A introducción do tipo de xuro 4.2. A decisión de invertir 4.3. A inversión coma un proceso de axuste de capital 4.4. Renda de equilibrio e tipo de xuro. A curva IS 4.4.1. A pendente da curva IS 4.4.2. Os desprazamentos da curva IS



<p>TEMA 5. O MERCADO DO DIÑEIRO</p>	<p>TEMA 5.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>5.1. A oferta de diñeiro</li><li>5.2. A demanda de diñeiro</li><li>5.3. O equilibrio no mercado do diñeiro</li><li>5.4. O proceso de expansión do diñeiro bancario</li><li>5.5. Renda de equilibrio e tipo de xuro no mercado de activos. A curva LM</li><li>5.6. Los puntos a la izquierda y a la derecha de las curvas IS y LM</li><li>5.7 A base monetaria<ul style="list-style-type: none"><li>5.7.1. Relación entre a base monetaria e a oferta monetaria. O multiplicador monetario</li></ul></li><li>5.8. A demanda de diñeiro transaccional</li><li>5.9. Velocidade de circulación do diñeiro e demanda de diñeiro</li><li>5.10. A política monetaria e a trampa da liquidez</li><li>5.11. Os tipos de xuro do Eurosistema</li></ul>
<p>TEMA 6. A CURVA DE DEMANDA AGREGADA</p>	<p>TEMA 6.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>6.1. A curva de demanda agregada<ul style="list-style-type: none"><li>6.1.1. A representación gráfica da curva de demanda agregada</li><li>6.1.2. Os desprazamentos da curva de demanda agregada</li></ul></li><li>6.2. Explicación analítica da curva de demanda agregada</li></ul>
<p>TEMA 7. POLÍTICA FISCAL E POLÍTICA MONETARIA</p>	<p>TEMA 7.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>7.1. Introducción</li><li>7.2. A política fiscal<ul style="list-style-type: none"><li>7.2.1. Un incremento do gasto público</li><li>7.2.2. O multiplicador do gasto público</li><li>7.2.3. Un cambio da taxa impositiva</li><li>7.2.4. O multiplicador dun cambio da taxa impositiva</li><li>7.2.5. O multiplicador do presuposto equilibrado</li><li>7.2.6. A efectividade da política fiscal</li></ul></li><li>7.3. A política monetaria<ul style="list-style-type: none"><li>7.3.1. Cambios na oferta monetaria</li><li>7.3.2. O multiplicador dos cambios da oferta monetaria</li><li>7.3.3. A efectividade da política monetaria</li></ul></li><li>7.4. A eficacia e a certidume das políticas fiscal e monetaria</li><li>7.5. A interacción da política monetaria e fiscal</li></ul>
<p>TEMA 8. O MERCADO DO TRABALLO E A OFERTA AGREGADA</p>	<p>TEMA 8.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>8.1. Os supostos fundamentais do modelo clásico</li><li>8.1. As diferenzas entre o modelo clásico e o modelo keynesiano</li><li>8.2. A función de produción. Productividade total, media y marxinal.</li><li>8.3. La demanda de traballo neoclásica.</li><li>8.4. A oferta de traballo neoclásica</li><li>8.5. O modelo clásico completo</li><li>8.6. A oferta agregada na economía clásica. A curva de oferta agregada (SA)</li><li>8.7. Resultados da política fiscal no modelo clásico</li><li>8.8. Resultados da política monetaria no modelo neoclásico</li><li>8.9. Política monetaria con efecto riqueza no modelo clásico.</li><li>8.10. As políticas de oferta no modelo clásico</li></ul>



TEMA 9. O MODELO CON ILUSIÓN MONETARIA	TEMA 9. 9.1. O modelo de determinación da renda con ilusión monetaria. Introducción 9.2. A oferta de traballo con ilusión monetaria 9.3. O equilibrio no mercado de traballo 9.4. A oferta da economía no modelo con ilusión monetaria 9.5. O modelo completo con ilusión monetaria 9.6. A política fiscal neste modelo 9.6.1. Un incremento do gasto público 9.6.2. Unha redución dos impostos 9.7. A política monetaria no modelo con ilusión monetaria 9.8. Unha expresión da pendente da curva de oferta agregada
TEMA 10. MODELO CON RIXIDEZ SALARIAL	TEMA 10. 10.1. Salario monetario rixido 10.2. O sector produción emprego con rixidez de salarios 10.3. O modelo completo con ilusión monetaria e rixidez de salarios. Efectos dun empeoramento das expectativas empresariais 10.4. Política monetaria e pleno emprego
TEMA 11. O MODELO DE SÍNTESE	TEMA 11. 11.1. Introducción ó modelo de síntese. O bloque de demanda e o bloque de oferta 11.1.1. As ecuacións do bloque de demanda 11.1.2. As ecuacións do bloque de oferta 11.2. A función de oferta agregada no modelo de síntese 11.3. O modelo de síntese completo 11.4. O funcionamento do modelo completo. Efectos sobre tódolos mercados dunha redución da inversión.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Solución de problemas	A3 A11 A12 A16 A17 A21 A22 A23 B2 B5 B7 B10 C3 C4	25	25	50
Sesión maxistral	A1 A9 A13 A14 A18 A19 B1 B2 B4 B8 B9 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C5 C6 C7 C8	17	34	51
Proba obxectiva	B3 B6	5	29	34
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Na aula se propoñen problemas que os alumnos deberán resolver. Os alumnos exporán a súa resposta na aula unha vez comprobada a correcta resolución dos casos. Os problemas ou casos terán estreita relación con cada un dos temas que se explicaron nas sesións maxistrais. Tamén se plantearán intervencións inherentes ó proceso de enseñanza-aprendizaxe baseadas na exposición verbal a través da cal os alumnos e o profesor interactúan de maneira ordenada, facendo aclaracións ás cuestións planteadas, expoñendo temas e traballos realizados baixo a dirección do profesor. Traballos que poderán ser individuais ou en grupos reducidos e expostos na aula cos medios dispoñibles.



Sesión maxistral	As actividades docentes do curso abarcarán clases maxistras, ademais de clases prácticas. Utilizarase a linguaxe oral, a linguaxe matemática e a linguaxe gráfica para a explicación dos diferentes temas do programa docente. A presenza ou asistencia do alumnado na aula, de acordo coa guía da titulación, se considera obrigatoria e resulta de fundamental importancia para o correcto seguimento do curso e das actividades propostas polo profesor.
Proba obxectiva	Os exames da asignatura realizaranse nas convocatorias oficiais en xaneiro e xullo, que corresponden respectivamente coa primeira e coa segunda oportunidade. Tamén se realizarán na data establecida para a oportunidade adiantada. Nesta proba obxectiva se trata de avaliar os coñecementos acadados polo alumno na preparación da asignatura. O obxectivo fundamental da proba obxectiva é avaliar a capacidade de razonamento nos temas propios de Macroeconomía e a capacidade para entender e actuar ante as cuestións plantexadas. Os coñecementos teóricos e o desenvolvementos matemáticos e gráficos acadados durante a preparación do programa da asignatura serán conveñentemente avaliados na proba. Polo tanto, será unha proba que abarque todo o programa explicado, cun nivel de profundidade axeitado, que non exceda ni sexa inferior ó plantexado no curso.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Sesión maxistral Solución de problemas	A atención persoalizada ó alumno levarase a cabo no despacho da titoría e nas propias aulas. Aínda que o tempo programado é de 15 horas, o profesor disporá dun maior número de horas para esta labor. Polo tanto, a atención persoalizada se debe entender coma una labor continua. Tamén poderá informarse sobre búsqueda de fontes de datos económicos. Nesta actividade de atención persoalizada ó alumno se inclúe a acción de titoría en grupos reducidos, a razón de 4 horas por cada grupo de 15 alumnos. Esta actividade está incluída nas 15 horas de atención persoalizada ó alumno que se recolle no apartado 4: Planificación.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Proba obxectiva	B3 B6	<p>Esta proba celebrarase na data establecida pola Xunta de Facultade, correspondente ós exames finais de xaneiro e de xullo, é dicir, da primeira e da segunda oportunidade. O mesmo aplícase a oportunidade adiantada.</p> <p>A nota máxima desta proba será de 7 puntos.</p> <p>Para superar a proba obxectiva, nos casos da primeira e segunda oportunidade, o alumno debe obter como mínimo 3,5 puntos no exame. O alumno se considerará aprobado na asignatura sempre que a súa nota total, suma da proba obxectiva (siempre que nela se acadasen polo menos 3,5 puntos) e dos problemas ou actividades de clase propostas sexa de 5 o máis puntos. Este criterio seguirase tamén na oportunidade adiantada.</p> <p>Esta proba obxectiva consistirá nunha batería de test con respostas múltiples, sendo correcta unha delas. Alguns dos test poderán consistir na selección do resultado correcto de problemas propostos en forma de test. A puntuación de cada un destes últimos test será a mesma que a do resto dos test.</p> <p>A puntuación de cada test acertado será o resultado de dividir 7 puntos entre o número de preguntas propostas.</p> <p>Os erros restarán puntuación. Cada pregunta contestada incorrectamente restará o resultado de dividir 7 puntos entre o dobre do número de preguntas propostas.</p> <p>Na primeira e na segunda oportunidade, como se indicou, para superar a asignatura se esixe un mínimo de 5 puntos na suma da puntuación de A+B, sendo A a puntuación do traballo de clase (máximo 3 puntos) e B a puntuación da proba obxectiva (máximo 7 puntos) sempre que nesta última se acade unha puntuación mínima de 3,5 puntos.</p> <p>Na oportunidade adiantada o sistema será o mesmo.</p>	70
Solución de problemas	A3 A11 A12 A16 A17 A21 A22 A23 B2 B5 B7 B10 C3 C4	<p>O profesor propoñerá ós alumnos actividades que se deben desenvolver ó longo do curso. O profesor utilizará aquelas actividades, como solución de problemas e exposición de resultados, realización de exercicios e probas sobre os contidos, que estime máis axeitada para o seguimento do curso. Se valorará a resolución e exposición dos problemas na clase, de forma individual ou en conxunto e as solucións dadas ós exercicios propostos. A calificación máxima de estas actividades é de 3 puntos. As puntuacións que se acadasen (máximo 3 puntos) non terán en ningún caso carácter liberatorio dos contidos do programa. Estas actividades poderanse avaliar tamén a través de cuestionarios que se presentarán periodicamente ós alumnos. As calificacións que se obteñan nestas actividades se inclúe no 30% reservado a actividade da clase.</p>	30

## Observacións avaliación



1.- Sobre la calificación de NO PRESENTADO. Calificación de non presentado. Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. 2.- sobre mínimos das partes da materia: Como se indicou, o traballo de clase puntúa ata un máximo de 3 puntos (30%) A proba obxectiva puntúa ata un máximo de 7 puntos (70%) No 30% que supón o denominado traballo de clase non se exige mínimo de puntuación. No 70% que supón a proba obxectiva nas datas establecidas pola Xunta de Centro, a calificación mínima para que se poida sumar a puntuación do traballo de clase é de 3,5 puntos. No conxunto das dúas partes (30% e 70%), o alumno deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos, pero sempre que na proba obxectiva obteña un mínimo de 3,5 puntos. Este criterio aplicarase á primeira oportunidade, á segunda oportunidade e tamén á oportunidade adiantada. 3.- Sobre as condicións de realización da avaliación final. Está prohibido acceder a aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior o/ou o almacenamento de información. 4.- Sobre a avaliación de la oportunidade segunda ou de xullo. Esta deberá realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuadrimestre. Na segunda oportunidade se conservarán polo alumno as calificacións obtidas no traballo de clase, pero non a obtenida na proba obxectiva.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- C. PATEIRO RODRÍGUEZ, M.J. FREIRE, L.A. VEIGA, L. VARELA; F. BRUNA, M. BARREIRO (2015). MACROECONOMÍA EMPRESARIALES. REPROGRAFÍA DEL NOROESTE</li> <li>- PATEIRO RODRÍGUEZ, C.; FREIRE SEOANE, M.J.; BRUNA QUINTAS, F; BARREIRO GEN, M. (2014). MACROECONOMÍA. PROBLEMAS Y TEST RESUELTOS. REPROGRAFÍA NOROESTE, S.L.</li> <li>- BLANCHARD, O. (2000). MACROECONOMÍA. 2ª EDIC.. PRENTICE HALL</li> <li>- MOCHÓN, F. Y J. DÍAZ DE, REBECA (2010). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. 4ª EDIC.. EDICIONES ACADÉMICAS</li> <li>- MOCHÓN MORCILLO, F. (2009). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. MC GRAW HILL</li> <li>- BELZUNEGUI, B, J. CABRERIZO y R. PADILLA (1992). MC-GRAW HILL (SIRVEN OTRAS EDICIONES). MADRID</li> <li>- RODRÍGUEZ, J., F. MOCHÓN, Y OTROS (1993). ELEMENTOS Y CUESTIONES DE T. ECONÓMICA. UNED</li> <li>- ESCRIBÁ, F.J. Y OTROS (1995). INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A LA ECONOMÍA. MCGRAW HILL</li> <li>- BAJO, O. Y M.A. MONÉS (1994). CURSO DE MACROECONOMIA. EDIC. A. BOSCH</li> <li>- DORNBUSCH, R. Y S. FISCHER (VARIAS EDICIONES). MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL</li> <li>- PATEIRO RODRÍGUEZ, C. (1994). CONTESTACIÓN AL PROGRAMA DE MACROECONOMÍA. EDC. TÓRCULO</li> <li>- MOCHÓN MORCILLO, F. , DE JUAN, (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA EJERCICIOS 3ª EDIC.. MADRID. EDESA</li> <li>- MOCHÓN MORCILLO, F. (2005). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. MADRID MCGRAW-HILL</li> <li>- KRUGMAN, P., Y. WELLS, k. GRADY (2015). FUNDAMENTOS DE ECONOMÍA. REVERTÉ</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Recoméndase ó alumno un seguimento continuo da asignatura.

Se aconsella a asistencia ás sesións maxistras e ás actividades de solución de problemas.

Se aconsella ó alumno resolva cantas dúbidas se lle presenten, ben sexa na aula ou ben sexa na titoría individual ou en grupos.



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías